

**ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA NA FACULTADE DE MATEMÁTICAS
PARA O CURSO 2002-03**

Coa intención de remediar na medida do posible o alto índice de fracaso que se produce nas materias do primeiro curso da Facultade de Matemáticas, propóñense as seguintes modificacións:

- • Crear un grupo adicional en todas as materias de 1º curso que actualmente se imparten no 1º cuadrimestre (Álgebra linear e multilinear, Informática, Introducción á análise matemática) pero con docencia no 2º cuadrimestre.
- • Polas mesmas razóns crear un grupo adicional en todas as materias de 1º curso que actualmente se imparten no 2º cuadrimestre (Cálculo diferencial e integral, Introducción ó cálculo numérico, Topoloxía dos espazos euclidianos, Xeometría métrica) pero con docencia no 1º cuadrimestre.
- • En todo caso a Xunta de Facultade solicita que se arbitren as medidas necesarias para, que os alumnos que suspendan no 1º cuadrimestre poidan volver a cursar e examinarse destas materias no 2º cuadrimestre. Non embargantes os alumnos que se matriculen por primeira vez na Facultade só se poderán matricular das 3 materias de 1º ano do 1º cuadrimestre tal como se vén facendo actualmente.
- • O Vicerrectorado de Ordenación Académica deberá regular sobre o procedemento de matrícula e de acceso ás convocatorias de exame de setembro dos alumnos que se matriculen da mesma materia en 2 cuadrimestres distintos.

Acordase autorizar ó Rectorado para que articule o procedemento que faga viable esta proposta. Podería consistir en que os alumnos que se acollan a esta posibilidade teñan que realizar dobre matrícula pero só con dereito a tres convocatorias

Dilixencia: para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2002, acordou, aproba-la presente proposta de "Organización da docencia na facultade de matemáticas para o curso 2002-2003". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2002

Vº e Pr.
O RECTOR

SECRETARIO XERAL



F. Darío Villanueva Prieto



Gumersindo Guinrte Cabada